



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 30.07.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.10 h do 30.07.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da Proposta de aprobación do orzamento xeral do Concello de Fene para o exercicio 2018

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 23.07.2018 por 4 votos a favor (3 do PP e 1 de Somos Fene), 3 votos en contra (2 do grupo municipal BNG e 1 grupo Mixto municipal) e 1 abstención do grupo municipal Socialista:

“

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FENE PARA O EXERCICIO 2018.

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018, formado polo Orzamento do Concello, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención de 11 de xullo de 2018.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regla de Gasto de data de 12 de xullo de 2018.

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Fene para o exercicio económico 2018 xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS.: 10.640.588,60 €

ORZAMENTO DE GASTOS: 10.640.588,60 €



SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira para o exercizo 2018 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

TEITO DE GASTO COMPUTABLE	= 10.835.290,50 €
FINAL:	

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.260.542,74 euros.

QUINTO. Aprobar as Bases de Execución ou Adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade

SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉPTIMO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma."

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, quere deixar constancia da súa queixa pola nula negociación e información sobre estes orzamentos. Explica que se lles entregou un documento de escasamente 9 follas que non é máis que un estado de execución dos gastos de 2018, sen marxe para facer ningún tipo de achega. Cre que non hai traballo político, nin proxecto de futuro para Fene, nin participación veciñal, son máis baixos que os orzamentos prorrogados desde 2015 e dos que non permitiron aprobar no ano 2016. Engade que carecen de plan de emprego, que diminúen as partidas para servizos sociais, non hai partida para renovar os camións do lixo, non se revisaron as subvencións, non hai un aumento desas partidas, agás en dous ou tres casos concretos, non se recolle o compromiso do goberno anterior de aumentar a dotación do Premio Pérez Parallé, non hai partida para a compra dos terreos para a auga de Magalofes, nin para a Casa de Cela. Cualifica os orzamentos de malos e con total falla de participación política e cidadá, o que implica falla de transparencia, á que se engade a convocatoria do presente pleno ás 9 da mañá dun luns, que non facilita a dita transparencia, e que tampouco se detallan as partidas de gasto como na proposta de orzamento presentada polo anterior goberno. Dille ao goberno que teñen maioría absoluta e indica que todo o que en 2016 non lle valía aos concelleiros de Somos Fene agora válelles, que este orzamento non é o que se asinou no acordo de goberno de hai 3 anos, nin se parece. Formula as preguntas que fixo na Comisión correspondente e non foron respostadas: a que se debe o incremento do Capítulo I e se poden concretar os pequenos investimentos que figuran no capítulo de investimentos?

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, sinala que polas horas e tipo de debate semella máis un debate de aprobación de gasto de que orzamentos, xa que vai máis do 60% do ano transcorrido e o gasto está xa por riba da porcentaxe do ano anterior. Incide na ausencia de exposición pública e consulta coas sociedades veciñais. Di que lle sorprende escoitar queixas a este respecto de boca de persoas que propuxeron debates orzamentarios moi similares, con tramitacións de urxencia, e sinala que é curioso como na oposición todos están de acordo en reclamar orzamentos coa participación da veciñanza e logo non o fan cando gobernan. Continúa dicindo que é un orzamento igual ao de anos anteriores e igual á última proposta de 2016, que non aparece nada no capítulo de investimentos que explique a diminución dos orzamentos con respecto da proposta que había enriba da mesa en 2016. Sinala mermas significativas nas partidas de servizos sociais que cren que non se deberían producir, baixas na dotación orzamentaria do SAF, dotación en programas, axudas de emerxencia social e ausencia de partida para políticas de acceso á vivenda. Explica que o partido socialista tiña adquirido o compromiso de, ao longo da lexislatura, recuperar deducións mínimas para os máis desfavorecidos, atender ás necesidades básicas destes colectivos, con máis membros a raíz da crise económica. Cre que isto debería estar garantido porque o Concello ten capacidade económica para iso. Explica que pese aos esforzos do primeiro ano de lexislatura viron un abandono dese obxectivo nos dous anos seguintes e o ven agora nesta proposta. Di que se seguirán insistindo en que ten que



chegar maio de 2019 e esta corporación ter garantida a cobertura de necesidades básicas para as persoas con máis necesidades económicas e que para isto ten que haber dotación orzamentaria suficiente e tamén os cambios normativos necesarios que permitan que as familias accedan a estas axudas. Fai fincapé en colectivos como autónomos ou pequenos empresarios que por mor da crise económica tiveron que pechar os seus negocios, quedaron con débedas con administracións públicas e debido a isto non teñen dereito ás axudas municipais; cre que hai que atopar as canles para que estas persoas teñan unha oportunidade de saír da súa situación. Continúa dicindo que non hai nada novo en tema de emprego, ningún programa propio que contribúa a facilitar a inserción laboral dos veciños e veciñas. Sinala que hai cousas que serían fáciles de incluír, como a cobertura da necesidade de soldadores especializados para os estaleiros, que mesmo teñen que vir de fóra porque non hai persoal formado. Sobre o apartado de servizos e obras, consideran insuficientes as partidas destinadas a sufragar os gastos do alto nivel de contratación de empresas de servizos externas por parte do Concello, xa que non vai ser posible nunca regularizar a situación. Entende que en conxunto atopan un orzamentos que son máis partida de gastos que orzamentos, que non tiveron o debate público que case todos demandaron nalgún momento durante a presente lexislatura, que presentan unha redución do investimento en servizos sociais cando o partido socialista avoga por un incremento para garantir unha vida digna a todos os veciños e veciñas, que non ten nada novo de emprego máis que as iniciativas que veñen de fóra, e con dotacións claramente insuficientes que van impedir normalizar algúns aspectos da contratación; isto é, un traballo deficiente que non constitúe a proposta de orzamento que hoxe precisan os veciños e veciñas de Fene.

O voceiro do grupo de Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, di que están a favor destes orzamentos evidentemente posto que son co-partícipes da súa formulación. Recalca que se están hoxe neste debate é porque durante o resto do ano non houbo orzamentos, que polo tanto a vida das presentes contas vai ser curtiña, e que están xa elaborando os orzamentos de 2019. Afirma que lle sorprende que a oposición diga que non houbo participación, que teñen razón relativamente aínda que si se presentou a diversos axentes sociais do Concello, pero que o tempo é o que hai. Lembra que o anterior goberno propuxo aprobar os orzamentos nunha moción de urxencia nun Pleno ordinario. Engade que agardan, tanto eles como o resto de membros do goberno, que o vindeiro orzamento de 2019 teña unha ampla distribución entre todos os sectores sociais do Concello.

A voceira do grupo mixto, M^a del Carmen Martínez, deixa constancia das formas inadecuadas coas que se lles presentou esta proposta, sen convocalos a ningunha xuntanza, e sen interese ningún en consensualos coa oposición dado que veñen aprobados de serie. Di que é curioso que un dos motivos polos que hai un par de anos non se chegaron nin a debater os orzamentos foi a participación cidadá, e que lle sorprende que o voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, diga que aqueles non foron consensuados coa cidadanía cando naquel momento había un concelleiro responsable de participación cidadá que pensa que era o que tiña que ter feito o seu traballo. Engade que este concelleiro di agora que se consultou esta proposta con algúns axentes sociais, o que quere dicir que non con todos. Pregunta con que axentes sociais exactamente se consultou e por que con algúns si e con outros non. Di que botan en falta a copia dos orzamentos nos distintos departamentos do Concello.

Continúa explicando que cre que ata a chegada ao goberno do Partido Socialista se lle daba copia dos orzamentos aos departamentos municipais, entre eles a servizos sociais, e que coa anterior proposta de 2016 se solicitou un informe e se lles entregou e agora non. Lembra que o 25 de novembro se aprobou unha moción na que se comprometían a un incremento anual do 5% nos orzamentos para servizos sociais, para temas de igualdade e de muller, que na presente proposta constan 1800 euros que cre que foron para a festa dos avós, e que polo tanto, o 5% de 0 é 0. Engade que o 9 de xullo solicitaron por rexistro un informe da contía das axudas de emerxencia social que precisaban para o debate destes orzamentos, e que non se lles entregou ata o día de hoxe como todo o demais que solicitaron, e que menos mal que este ía ser o goberno da transparencia e da participación, que tanto unha como a outra brillan pola súa ausencia. Continúa dicindo que a partida que aparece na proposta de 50.000 euros, na que se di que se gastou menos, explica que é porque o ano pasado se pedían moitas axudas directamente á Xunta, pero que nin se enteraron nin preguntaron. Engade que a partida proposta no anterior orzamento que non se chegou a debater era de 57.400, que ao seu xuízo era tamén escasa, pero que aumentaba unha partida bloqueada desde 2014 en 7.400 euros. Sinala que se eles cren que chegan os 50.000 euros cando a final de ano sempre hai que añar cartos para pagar as axudas, alá eles. Sobre o plan de emprego, di que prefiren tirar da empresa privada, que é máis fácil e cómodo, que non se aumenta a partida do SAF nin as axudas de Reis. Conclúe que por isto e por moitas outras cousas son uns orzamentos lamentables, que veñen aprobados, e que no tema das subvencións, que se debateron co anterior goberno e se propuxeron



as cantidades que impuxo o goberno actual, non se molestaron en falar dese tema, que só están consensuados con quen eles consideran oportuno e que, polo tanto, votarán en contra.

Toma a palabra a concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, que comeza respostando á voceira do grupo Mixto, M^a Carmen Martínez, sobre o incremento da partida de servizos sociais. Afirmar que non existiu tal incremento cando eles gobernaban nin cando ela aínda non formaba parte do goberno, dado que os últimos orzamentos en vigor son os de 2015, que xa recollían os 50.000 euros para axudas de emerxencia social. Aclara que cando fala de arañar cartos a final de ano para pagar as axudas, non é porque falten cartos, senón porque forma parte do Capítulo IV do orzamento, na que existe cos cartos que o Concello ten que aportar á administración galega, en concreto para as escolas infantís, que o anterior goberno deixou sen pagar do ano 16, 17 e 18, e que iso é o que provoca que as partidas se vexan minoradas. Sobre repartir o borrador de orzamentos entre os departamentos, di que non o sabe, pero lembra que Iván Puentes foi alcalde no ano 2007, hai 11 anos, e pídelle que se esqueza do pasado e tire para adiante. Indica que este goberno pregunta as necesidades aos departamentos para elaborar o orzamento, á parte de coñecelas como función propia dos concelleiros. Engade que a persoa que agora ocupa o lugar da anterior concelleira de servizos sociais tamén se puxo en contacto coas técnicas de servizos sociais e tamén ten feitas as súas contas, e que nos tres últimos anos non foi necesario facer uso dos 50.000 euros para axudas de emerxencia social, o cal é moi positivo para o Concello.

A Sra. Bértoa retoma a explicación da proposta de orzamento indicando que se crea unha nova partida de 390.000 euros para imprevistos que poidan xurdir, e engade que todos son conscientes de a onde irán eses cartos, que será á execución da sentenza pola actualización do cánon de Viaqua dos anos 2007, 8 e 9.

A concelleira de Facenda resposta ao voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, sobre a diminución das partidas en servizos sociais; explica que están a falar con respecto a un borrador que estivo enriba da mesa pero que nunca se chegou a debater neste Concello. En canto a que non se fixeron eco das achegas do grupo do BNG e do grupo mixto, indica que a achega de EU é nula, non fala de partidas concretas. Sobre o plan de emprego e tirar de empresas privadas, dille á Sra. Martínez que foi concelleira de servizos sociais e pídelle que mire o capítulo 227 e vexa as partidas para empresas externas e privadas que tiña no seu departamento e que non se molestou en re-municipalizar, xa que o de servizos sociais é un dos departamentos nos que máis privatizados están os servizos. Sobre as propostas do grupo socialista, di que toman nota do posible incremento das axudas do SAF, sobre os programas de emprego, entenden que non se deben incrementar nestes momentos as axudas de emerxencia social polo que xa explicou antes, pero si tende a man para comezar a traballar na modificación da ordenanza correspondente para facer máis áxil a tramitación das axudas. Di que tamén toman nota das políticas de acceso á vivenda, pero son conscientes de que o presente orzamento ten moitas deficiencias pola data na que nos atopamos, posto que está elaborado despois de tres anos de inactividade orzamentaria. Sobre o alto nivel de contratación nas partidas de obras, a concelleira afirma que é verdade, que hai unha falta de regularización destes contratos igual que noutros departamentos como o de cultura e deportes, servizos sociais, que tentarán regularizar de aquí a final de ano, pero que de momento houbo que incrementar a partida para o mantemento dalgunhas instalacións. Engade que están a traballar no orzamento de 2019 coa idea de que entre en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

Sobre a intervención do voceiro do BNG, Juventino Trigo, a concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, afirma que efectivamente non se trata dun orzamento de futuro, senón dun orzamento para os meses que quedan ata o final ano. Sobre a participación cidadá, lémbrolla que el presentou os orzamentos anteriores nunha moción de urxencia dun Pleno ordinario, e que el e as persoas que o acompañaron naquel proxecto non son conscientes da gravidade que iso conleva, que é inaudito e insólito neste Concello e todos os concellos de España, e que non foi quen de explicar o porqué. Di que o Sr. Trigo tampouco presentou os seus orzamentos ás entidades sociais, e que se di que estas contas non teñen contido político, deberan de apoialas, xa que están feitas por traballadores que nada teñen que ver coa ideoloxía política, e que sen embargo van votar en contra. Sobre a auga de Magalofes, a concelleira di que si que existe unha partida para a compra dos terreos no capítulo de urbanismo, que son conscientes que non chega para adquisición, pero si que existe. Engade que menos mal que son 4 ou 5, porque se chegan a ter maioría absoluta non cre nin que lles deixaran entrar nas Comisións, que nos últimos tres anos tiveron deferencia cero coa oposición. Sobre a Casa de Cela, di non entender como di iso o voceiro do BNG sendo coñecedor da situación dese proxecto. E sobre a información detallada dos investimentos, afirma que os veciños de Fene son moi



intelixentes e que poden entender estas contas igual que os concelleiros e concelleiras. En canto ao Capítulo I, indica que xa se explicou a suba na Mesa de Negociación, na que estaba presente a súa compañeira, e que se trata das subas previstas na Lei de Orzamentos cos seus atrasos correspondentes. Con respecto aos 152.000 da suma de todas as partidas do Capítulo VI, explica que moitas están xa esgotadas a día de hoxe, en cousas coma os equipos informáticos de servizos sociais, camiño real de Sillobre, camiño que vai da Estrada da Palma á Ribeira, puntos de luz no Río de Saa..., e que outras cousas, como a mellora do sistema de gravación dos plenos ou Radio Fene non están consignadas, tampouco hai gastado nada en deportes porque non estaba previsto, e afirma que se vai reparar con estas partidas a cuberta do Pavillón de San Valentín. Tamén explica que se van facer moitas obras co superávit existente, como o suplemento de crédito para a pista de Centieiras, o asfaltado da pista que vai ao CMI de Fene, obras na Galiña Azul, vestiarios do campo de fútbol, etc. Con respecto á minoración do orzamento con respecto ao anterior, a Sra. Bértoa di que non é verdade, que se aminora unha parte mínima, derivada da minoración dos ingresos en 91.054,67 euros, á que se teñen que adecuar os gastos. O porqué desta minoración dos ingresos municipais, afirma, é o seguinte punto no que vai traballar o goberno, isto é, na revisión das ordenanzas. Engade que nestas contas non están incluídas as subvencións do POS, que as subirían ata case 13 millóns de euros, pero que dado o momento do ano no que nos atopamos se pagarían unha vez aprobadas.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, sinala que a concelleira xa fala de modificar o orzamento para facer obras co superávit cando aínda non está aprobado, o cal entende que demostra que non se fixo un bo traballo, e engade que no documento público de orzamentos que poderán ver os veciños e veciñas, non están esas obras que acaba de nomear, co cal farán ao final o que lles dea a gana. Afirma que a concelleira de Facenda segue sen ser quen de aclarar o do Capítulo I, xa que a suba derivada da Lei de Orzamentos e os atrasos non explican a diferenza importante de cartos que existe neste capítulo. Explica que, a pesar de ser un orzamento para uns meses, como dixo a concelleira, están consignadas as partidas anualmente, e pregunta que vai pasar cos cartos que van sobrar aí. E sobre a Mesa de Negociación, di que ten entendido que non se negociou nada ao respecto destes orzamentos. Sinala que non cre que teña liquidacións de 2018 da Galiña Azul, porque son semestrais. Explica que cando foi alcalde reuniuse varias veces co responsable da Consellería e chegaron a unha serie de acordos, entre eles que se descontarían das liquidacións as obras feitas polo Concello. Entende que a Sra. Bértoa dixo que xa pagou todas as liquidacións pendentes sen preocuparse por preguntar o que había que descontar, en prexuízo dos veciños e veciñas de Fene, e engade a pesar que xa dixo en comisión que tomaría nota das achegas, non o fixo. Reitera que é un mal orzamento, máis baixo que o último prorrogado de 2015, e sinala que algún concelleiro deste Pleno se esquece de que estivo gobernando 13 meses, e sendo responsables da área de participación cidadá non fixeron absolutamente nada con respecto aos orzamentos que naquel momento se estaban a elaborar. Afirma que hoxe ocorre o mesmo e co mesmo responsable. O Sr. Trigo engade que o Plan de Emprego que estivo sobre a mesa en moitas ocasións á hora de elaborar orzamentos, segue sen aparecer, e que para eles é imprescindible para apoiar as contas.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, reposta á concelleira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, que desde que foi alcalde Iván Puentes, a elaboración dun orzamento pasaba porque o concelleiro/a de cada área falase cos técnicos responsables, como cre que se veu facendo habitualmente, tendo en conta en maior ou menor medida as súas achegas. Cre que tan mal está que os técnicos fagan de políticos como que os políticos fagan de técnicos, e que para eles iso non é participación, senón que participación é sacalos fóra do Concello, e que o único partido que fixo un proxecto de orzamentos participativos en Fene foi o PSOE. Sinala que en ningún caso se queren rir dela, o cal non impide que algún comentario lles poida facer esbozar un sorriso, e que se lle molesta tratarán de contelo no posible, aínda que moitas veces non son xestos voluntarios. Aclara que eles, na oposición, non impuxeron nada, nin nominativas nin outra cousa, senón que a maioría do Pleno acordou incrementar algunhas subvencións nominativas, e é malo que unha persoa que se sinta nesta mesa entenda unha votación maioritaria coma unha imposición. Di que non quere lembrar o papel da Sra. Martínez naquela suba e nas reunións coas entidades.

Sobre o debate orzamentario, o Sr. Noceda agradece as palabras da concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, pero que hoxe os feitos non as acompañan, e entenden que os presentes orzamentos non cumpren coas necesidades dos veciños e veciñas do Concello de Fene, co que o partido Socialista cre que é o mínimo necesario, e que polo tanto non van dar un voto favorable.



A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, resposta ao voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, que ela non dixo que a participación consistise en falar coas áreas municipais, senón que se lles daba aos departamentos a copia do borrador dos orzamentos ata que entrou a gobernar o Partido Socialista, e que pode estar equivocada canto a esta información. Sobre as subvencións, di que non é un tema de debate neste Pleno pero que o poden falar cando queira, e que eles van de fronte e din sempre o que pensan estean presentes a entidades ou non. Sinala que as necesidades do departamento de servizos sociais, se falaran ou non cos responsables da área, non as ve recollidas nestes orzamentos, e que os programas que se fan con empresas privadas non teñen un orzamento propio, senón que se fan con subvencións. Explica que cando ela entrou de concelleira de servizos sociais, en novembro de 2016, houbo que tirar doutras partidas uns 12.000 euros para poder facer todos os pagos de axudas de emerxencia social, e que é posible que non fose necesario facelo o ano pasado, pero que nese ano se canalizaron moitas axudas a través da Xunta de Galicia. Con respecto á afirmación da Sra. Bértoa de que EU non fixo achegas, lembra que o Sr. Galego na oposición se queixaba en todos os Plenos de que o goberno no convocaba á oposición para nada, e pregunta cando se convocou a EU a unha xuntanza para falar dos orzamentos. Afirmo que ela si que fixo achegas, concretamente para a área de servizos sociais, e non se tiveron en conta. En canto á urxencia coa que presentou os orzamentos o anterior goberno en 2016, afirma que ela estaba presente na Xunta de Voceiros na que se acordou facelo así, levalos a un pleno ordinario como moción urxente, e cando chegou o pleno puxeron o grito no ceo. E sobre a partida para a adquisición de terreos para a auga de Magalofes, afirma que poñer unha partida que xa saben que non chega é coma non poñer nada. Engade que segue sen saber con que axentes sociais se consensuaron os orzamentos e que pedirá a resposta por escrito.

A concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, pide á voceira do grupo mixto que mire a páxina 5 da proposta, Capítulo IV, 270.358,43, con 5 apartados, e explica que dentro deste capítulo, unhas partidas tiran das outras, e que é normal que a final de ano se fagan transferencias de crédito para poder asumir as emerxencias sociais; e que pode que outras partidas tiren desa, como foi o caso, di, das cotas que o Concello estaba obrigado a pagarlle á Xunta de Galicia e que o anterior goberno non fixo.

A Sr. Bértoa resposta ao voceiro do BNG que non se enteran de nada co tema das modificacións de crédito, e que menos mal que puxo como exemplo o da cubrición da pista de Centieiras. Explica que para facer uso do superávit que existe hai que facer un expediente de modificación de crédito, que foi o que se levou á Comisión de Facenda, e que iso no é unha modificación do orzamento, senón unha modificación dos cartos do superávit, e que os investimentos que preguntaba o voceiro do grupo socialista se van facer con superávit, e non con modificacións do orzamento. Con respecto á pregunta sobre o incremento do Capítulo I, a concelleira resposta que a dotación sae das prazas que están vacantes e non cubertas, que hai que consignalas igualmente no orzamento, e que cando remate o ano serían remanente. Pregunta o voceiro do BNG, Juventino Trigo, de onde cre que se foi xerando o remanente destes anos, posto que os ingresos minoraron, e resposta que a maior parte foi desas prazas vacantes que non se cubriron. Engade que o outro incremento do Capítulo I vén da Lei de Orzamentos do Estado.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, con respecto á deferenza coa oposición, afirma que mentres el foi alcalde nunca se convocou un pleno nin comisión sen un consenso e aviso previo a todos os grupos da oposición, cousa que non ocorreu co presente pleno. Engade que a concelleira de Facenda puido ter incorporado ao orzamentos todas as modificacións das que falaba antes, e obter un orzamento moito máis alto e máis transparente, no que se saiba a que se van dedicar os cartos, tal e como ía recollido e detallado no orzamento que non se chegou a debater en Pleno no ano 2016.

A voceira do grupo mixto, M^a Carmen Martínez, aclara que na comisión non dixo que reservaba as achegas para o pleno, senón o voto final.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría logo de obter 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 8 en contra (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:



PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Fene para o exercicio económico 2018 xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS.: 10.640.588,60 €

ORZAMENTO DE GASTOS: 10.640.588,60 €

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira para o exercizo 2018 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

TEITO DE GASTO COMPUTABLE FINAL:	= 10.835.290,50 €
---	--------------------------

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.260.542,74 euros.

QUINTO. Aprobar as Bases de Execución ou Adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade

SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉPTIMO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 10.37 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.